

CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E ZONA DE ABASTECIMENTO/ COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE CARBALLEDA DE AVIA PARA CONSUMO HUMANO PARA A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS NO "PLAN INTEGRAL EXTRAORDINARIO DE AUTOCONTROL NAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO AFECTADAS POR MOR DOS INCENDIOS FORESTAIS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e a Zona de abastecemento/ Comunidade de usuarios de auga de Carballeda asinaron o 28.11.2025 o convenio arriba referido. O convenio entrou en vigor o día da súa sinatura e estivo vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Zona de abastecemento/ Comunidade de usuarios de auga de Carballeda para a execución das medidas de control das augas de consumo humano previstas no "*Plan integral extraordinario de autocontrol nas augas de consumo humano afectadas por mor dos incendios forestais*", así como as condicións de financiamento, mediante unha axuda económica, dos gastos extraordinarios que suporá para a dita entidade a aplicación do citado plan no que se refire a realización das análíticas extraordinarias, de cara a monitorizar os posibles efectos das cinzas e das escorrentas nas augas de consumo humano.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Os incendios forestais acontecidos en Galicia durante o verán do ano 2025, especialmente na provincia de Ourense, tiveron impacto nas zonas de abastecemento de auga para consumo humano o que supuxo a interrupción deste abastecemento nalgunhas zonas, ben pola afectación das infraestruturas ou pola necesidade de aplicar o principio de precaución ante o descoñecemento do grado de afectación provocado polos efectos físicos dos sedimentos e as cinzas que se depositan nas tomas de captación. A magnitude destes efectos dependen, en gran medida, do tamaño, a intensidade e severidade do incendio e da condición da conca hidrográfica no momento da queima.

Ademais deses danos, os incendios forestais poden producir cambios significativos na calidade da auga. Un dos primeiros e maiores impactos dos incendios forestais é un aumento significativo na escorra de augas pluviais. Os aumentos no fluxo da corrente despois dun incendio poden producir efectos de distinta intensidade na calidade física, química e biolóxica da auga en arrosos, ríos e lagos pola chegada de sedimentos cargados de substancias químicas á auga superficial, o que pode ter importantes impactos sobre a súa calidade.

O Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, establece no artigo 1 que o obxecto deste é *"establecer os criterios técnicos e sanitarios das augas de consumo e da súa subministración e distribución, desde as masas de auga ata a billa do usuario, así como o control da súa calidade, garantindo e mellorando o seu acceso, dispoñibilidade, salubridade e limpeza, coa finalidade de protexer a saúde das persoas dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación."*, sendo que nesta norma se recollen as obrigas das distintas administracións, singularmente da local e da sanitaria, en orde a realizar as actuacións necesarias para garantir a subministración de auga limpa e salubre.

De acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, a esta correspóndelle, entre outros, o exercicio das competencias e medidas especiais que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade deban adoptarse en materia de saúde pública. Competencias que exercerá en coordinación coas outras consellerías da Xunta, e sen prexuízo das competencias que lles correspondan a estas.

Nela, a Dirección Xeral de Saúde Pública é o órgano encargado da prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega, sendo a súa misión a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria e de equidade, identificando para elo os perigos para a saúde. Asemade, a través da Subdirección Xeral de Saúde Ambiental e Seguridade Alimentaria, correspóndelle a interlocución, coordinación e colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia e da administración local en materia de saúde ambiental, sen menoscabo das funcións atribuídas a outras unidades.

Tendo en conta o exposto, a Dirección Xeral de Saúde Pública elaborou un *"Plan de autocontrol reforzado das augas de consumo humano por mor dos incendios forestais para os operadores dos abastecementos"*. Nel estableceuse que para protexer a saúde da poboación, cómpre intensificar a vixilancia dos sistemas de abastecemento e verificar a calidade da auga, e que no caso de comprobar alteracións no sistema de abastecemento ou na calidade da auga, haberá que realizar unha avaliación acorde aos contaminantes que poidan estar presentes nesta. Sinálase así mesmo que aos abastecementos situados na zona do lume ou cunha captación augas abaixo da zona afectada se lle realizarían determinados controis, indicando a frecuencia destes, os parámetros a analizar e o punto do abastecemento no que se deben realizar.

Así mesmo, levouse acabo unha estimación económica dos controis analíticos a realizar no Plan de autocontrol reforzado, en cada zona de abastecemento, calculada segundo os prezos das análises ofertadas polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia ou por outros laboratorios públicos nacionais. Os prezos orientativos por tipo de analítica son os indicados na táboa 1 (ver máis abaixo). Se algún parámetro superaba o valor paramétrico sería necesario confirmar o resultado segundo indica a normativa vixente, polo que estimouse un aumento do 10 % no orzamento, derivado destas confirmacións.



Táboa 1. Estimación económica dos controis a realizar no plan de autocontrol reforzado

Tipo de análise	Parámetros a analizar	Custo (€)
Control no mes posterior á finalización do incendio	E. Coli, Enterococo intestinal, bacterias coliformes, recuento de colonias a 22°C, olor, color, sabor, pH, conductividade, turbidez, cloro residual libre, Oxidabilidade, Amonio, Nitratos, Nitritos.	275,00
Control dentro dos tres primeiros meses logo do incendio (unha análise).	E. coli; Enterococo intestinal; bacterias coliformes; recuento de colonias a 22 °C; Color; Sabor; Olor (con kit ou en laboratorio) pH; Conductividade, Turbidez Anións (Nitritos, Nitratos, Cloruro, Fluoruro, Sulfato) Catións (Amonio, Sodio, Potasio, Calcio, Magnesio) Metais (Boro, Aluminio, Cromo, Manganeso, Níquel, Cobre, Arsénico, Selenio, Cadmio, Antimonio, Chumbo, Ferro, Mercurio). Trihalometanos (THMs) Benzo(a)pireno (CAS 50-32-8). Hidrocarburos Policíclicos Aromáticos (PAHS) Ácidos Haloacéticos (HAH).	864,00
Confirmacións (10 %)		113,90
	TOTAL	1252,90

Os incendios forestais afectaron a 42 concellos cun total de 108 zonas de abastecemento, prevéndose pola Consellería de Sanidade un orzamento de cento trinta e cinco mil trescentos corenta e catro euros (135.344 €). Igualmente, constatouse a existencia de 5 comunidades de usuarios de abastecemento de augas de consumo humano afectadas cun total de 7 zonas de abastecemento, para as que se previu un orzamento total de oito mil setecentos setenta e un euros (8771, 00 €).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Por todo o anteriormente exposto e para facilitar o cumprimento do Plan de autocontrol reforzado, a Consellería de Sanidade tramitou dous modelos de convenios tipo, un para os concellos e outro para as comunidades de usuarios, co obxecto de darlles soporte, no caso de



solicitalo, a través de axudas económicas para a realización das análises previstas no dito plan, todo elo coa finalidade de, de selo caso, que se adoptasen as medidas oportunas, en primeiro lugar, para a protección da poboación usuaria dos abastecementos de augas afectados polos incendios e, en segundo lugar, adoptar as medidas necesarias para garantir a salubridade das augas.

A Zona de abastecemento/ Comunidade de usuarios de auga de Carballeda solicitou a formalización do correspondente convenio, e dado que cumpría os requisitos para poder optar as ditas axudas, formalizouse o convenio arriba indicado, por un importe máximo de mil douscentos cincuenta e tres euros (1.253,00 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 12.02.413A.481.4 e no proxecto 2025 00 191 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, na que se previu crédito adecuado e suficiente.

Finalmente, logo da comprobación no ámbito do Servizo de Saúde Ambiental (Subdirección Xeral de Saúde Ambiental – Dirección Xeral de Saúde Pública) do correcto cumprimento do obxecto da Subvención (análise das augas de abastecemento humano afectadas polos incendios do verán do 2025) e da documentación xustificativa dos gastos realizados para a realización dos ditos análises, a Consellería de Sanidade procedeu ao abono á Zona de abastecemento/ Comunidade de usuarios de auga de Carballeda de mil cento oitenta e tres euros con noventa e catro céntimos de euro (1.183,94 €).

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

